

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

Diego García Rodríguez naceu en Escarabote (A Coruña). Realiza os seus estudos musicais no Conservatorio de Santiago de Compostela e no Conservatorio de Lausanne nas especialidades de piano e música de cámara. Iníciase na dirección de orquestra e recibe o seu Mestrado artístico de dirección de orquestra na Hochschule der Künste Zürich da man do Profesor Johannes Schlaefli. Amplía os seus estudos con Diego Masson e foi seleccionado para participar no primeiro programa de xoves directores do prestixioso ensemble "London Sinfonietta".

Foi director asistente dos Maestros Nicola Luisotti, Paul Daniel, Josep Pons e Nicolas Chalvin no Teatro Real de Madrid, Gran Teatre del Liceu de Barcelona, Festival Castell de Peralada, Ópera de Lausanne, Théâtre de Caen e Angers-Nantes ópera.

Dirixiu "Hansel und Gretel" no Teatro Real de Madrid, "Carmen" na Bałtycka Opera de Gdansk, "Rigoletto" e "Macbeth" en Vigo, "Madama Butterfly" e "Le nozze di Figaro" no Dartington Summer Festival, "Il Barbiere di Siviglia" e "Rigoletto" en Donostia, "Die Dreigroschenoper" para o Centro Dramático Galego, e as estreas mundiais de "It makes no difference ..." de Simone Spagnolo no Tête á Tête festival de Londres, "Die Träumenden Knaben" de Torsten Rasch en "The two Moors Festival" en Devon e "O Loro de Carlos V" de Nani García en A Coruña.

Foi director convidado da Real Filharmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, Orquesta de Extremadura, Orquesta Filarmónica de Málaga, Orchestre des Pays de Savoie, Akademicka Orkiestra Bydgoszcz, Orquesta nova da OSG (proyecto Sonfuturo), Dartington Festival Orchestra, OrchestrBerg de Praga e do ensemble instrumental suízo "Kypris".

Diego é membro fundador e director artístico do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), Ensemble galego co que desenvolve unha intensa actividade a prol da difusión da música contemporánea e da súa relación con outras disciplinas artísticas. Co Taller Atlántico Contemporáneo preséntase no Auditorio Nacional de Madrid, Semana de Música Religiosa de Cuenca, Festival Internacional de Música y Danza de Granada, Festival Internacional de Santander e na Quincena musical Donostiarra.